


NOME:

Os demostrativos

Fíxate nas palabras subliñadas no debuxo. Son **demostrativos**.



Os demostrativos serven para sinalar ou mostrar algo.

1. Onde están? Mira o debuxo e relaciona:

esta illa
esas palmeiras
aquelas nubes

- aí (**distancia media**)
- alí (**lonxe**)
- aquí (**cerca**)

2. Completa o cadro dos demostrativos:

	MASCULINO		FEMININO	
	Singular	Plural	Singular	Plural
aquí	este	estes	esta	estas
aí	ese	eses	esa	esas
alí	aquel	aqueles	aquela	aquelas

3. **Subliña** os demostrativos e **indica o xénero e número** de cada un deles:
- Recordas aqueles amigos que fixeramos na aldea?
 - O deporte é moi bo a esa idade.
 - Necesito ese balón e mais aquelas pelotas de tenis.
 - Esta clase de ximnasia foi esgotadora.
 - Este neno quere xogar con eses rapaces.

Aqueles: xénero masculino e número plural.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

4. Substitúe os artigos por demostrativos:

- O martes temos un partido.

.....

- Aparta de aí a mesa, por favor.

.....

- Ves o barco alá no horizonte?

.....

- O cadro está torcido.

.....

- O bolígrafo non escribe.

.....


- As uvas de aí xa están maduras.

.....

5. Completa o cadro coas súas formas

MASCULINO		FEMININO	
Singular	Plural	Singular	Plural
este			
ese			
aquel			

6. Observa o debuxo e completa cos demostrativos adecuados:



7. Subliña os demostrativos que atopas neste texto:

“Este río vai dar a aquela praia, onde empezaron a construír eses apartamentos horribles esta primavera. Desde estas rochas de aquí podes velos ben. Mira aquelas gaivotas; pronto elixirán esas chemineas e eses tellados para facer os seus niños. Si, aqueles areais van cambiar moito en pouco tempo.”

8. Agora clasifica os demostrativos que subliñaches no exercicio anterior:

Cerca:

Distancia media:

Lonxe:

9. Fíxate nos símbolos e completa as oracións con demostrativos:













Demostrativos que indican distancia cerca



Demostrativos que indican distancia media



Demostrativos que indican distancia lonxe

-  parque estaba baleiro durante o inverno.
- Non sei facer ben  exercicios.
- Por favor, tráeme  abrigo que está aí colgado.
- Lembras  rapaces dos que che falara? Pois mira,  é a súa casa.
-  río é o Mandeo e  vila é Pontedeume.
-  parrulos que ves alí dormen na miña horta.
- Se ti me axudas a levar  caixas, eu douche  torta que hai alí, enriba da mesa.